

**CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E  
O CONCELLO DA CORUÑA POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES  
PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO NOVO HOSPITAL DO COMPLEXO  
HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE A CORUÑA**

A Coruña, a 1 de febreiro de 2021

**REUNIDOS**

En presenza de Don Alberto Núñez Feijóo, Presidente da Xunta de Galicia, nomeado por Real Decreto 809/2020, do 3 de setembro.

D. Julio García Comesá, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e nos Decretos 136/2019 e 137/2019, de 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, así como na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Dª Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade e presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, actuando en nome e representación desta, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e no artigo 9.a) dos Estatutos da axencia, aprobados por Decreto 173/2011, do 4 de agosto.

Dona Inés Rey García, actuando en nome e representación do Concello da Coruña, en virtude da súa condición de Alcaldesa-Presidenta da citada

Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e o artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e en execución do acordo do Pleno do Concello da Coruña de 25 de xaneiro de 2021.

As partes intervenientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio marco, e para iso,

**EXPOÑEN:**

I. Que a fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da colectividade, mediante unha más rápida atención asistencial ao cidadán, faise necesario un novo Hospital no Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña.

II. Que o Servizo Galego de Saúde está a traballar na avaliación das necesidades asistenciais, dos recursos existentes e das melloras que é preciso introducir para acadar un nivel de calidade óptimo na atención sanitaria actual e futura da poboación da Área Sanitaria de A Coruña.

Ata o momento se teñen formuladas distintas solucións para acadar estes obxectivos, pero as partes entenden que parece razonable que a que finalmente sexa executada cumpra cos requisitos tanto da Administración sanitaria como da Administración municipal, conxugando as necesidades asistenciais co ordenamento urbanístico e de infraestruturas da cidade e, na medida do posible, minimizando a afectación a vivendas do modo compatible coa funcionalidade do hospital.

III. Polo tanto, este equipamento sanitario, como o viario, terreos e servizos, poden ser contemplados como un novo recinto hospitalario que se defina nun proxecto de interese autonómico de acordo co previsto na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

IV. Conscientes de dita necesidade as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado. Por iso e a fin de levar adiante o

proxecto das citadas obras de construcción dun novo hospital no Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña, é necesario a concorrencia de medios e achegas das partes interesadas, polo que é preciso determinar o contido de dita cooperación.

Por todo isto, formalizan o presente convenio de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.-Obxecto.

O obxecto do presente Convenio marco é establecer as bases de cooperación entre a Xunta de Galicia, que actuará a través da Consellería de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega de Infraestruturas, e o Concello da Coruña, para a redacción e aprobación dun proxecto de interese autonómico que permita a redacción, supervisión e aprobación dun proxecto técnico para a licitación, adjudicación e execución das obras do novo recinto hospitalario, e para a dotación de infraestruturas e servizos necesarios ou convenientes para o seu óptimo funcionamento, coas previsións económicas contidas no anexo I que se concretarán polo miúdo nos convenios derivados deste instrumento para as actuacións obxecto do mesmo.

### SEGUNDA.- Compromisos do Servizo Galego de Saúde.

O Servizo Galego de Saúde asume os seguintes compromisos:

1. Actualizar o Plan Director do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña, para a definición das necesidades do novo centro.
2. Realizar os trámites necesarios para a aprobación dun Proxecto de Interese Autonómico de acordo co previsto na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.
3. Redacción, supervisión e aprobación dos proxectos técnicos necesarios para atender as necesidades do novo hospital.
4. Obter os terreos necesarios para proceder a execución das actuacións derivadas do Proxecto de Interese Autonómico, que serán financiados conforme ao disposto na cláusula 4.9 e o anexo do presente convenio.

Os terreos necesarios para o novo hospital situaranse na zona sur-oeste da parcela que actualmente ocupa o Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña, segundo se identifica no Estudio previo da mobilidade na contorna do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña.

5. Llicitar, adxudicar e executar as obras do novo hospital, todo elo con cargo aos seus orzamentos.
6. Llicitar, adxudicar e executar as obras de urbanización e infraestruturas necesarias para os accesos e conexións viarias ao novo hospital, que serán financiadas conforme ao disposto na cláusula 4.9 e o anexo do presente convenio.
7. Executar as infraestruturas interiores que, dentro da parcela obxecto da actuación, sexan necesarias de acordo co proxecto para a organización e funcionamento interno do edificio, así como o seu mantemento e o das zonas verdes e espazos libres do recinto hospitalario.
8. Solicitar as preceptivas autorizacións ou permisos que resulten pertinentes para a realización das obras.
9. Estudar, planificar e executar as necesidades de aparcamento disuasorio que poidan corresponder ao centro tractor que supón o complexo hospitalario, consonte ao previsto nas determinacións 3.1.5.c) e 5.3 das Directrices de Ordenación do Territorio.
10. Encomendar, no seu caso, a execución de calquera das actuacións recollidas nesta cláusula aos organismos competentes da Comunidade Autónoma, nomeadamente á Axencia Galega de Infraestruturas.

#### **TERCEIRA.- Compromisos da Axencia Galega de Infraestruturas.**

A Axencia Galega de Infraestruturas asume o compromiso de coordinar a execución das distintas actuacións previstas no presente convenio marco.

#### **CUARTA.- Compromisos do Concello da Coruña**

O Concello da Coruña asume os seguintes compromisos:


1. Tramitar, consonte o procedemento previsto no ordenamento xurídico, a posta a disposición do Servizo Galego de Saúde dos terreos da parcela dotacional pública municipal con fronte ás rúas Curramontes e Inés de Ben, de 8.026 m<sup>2</sup> de superficie, necesarios para as reservas de espazo en previsión de futuras ampliacións que poidan precisarse para destinalas a usos sanitarios e a outros servizos complementarios como laboratorios de investigación e docencia. A mutación demanial efectuarase de acordo co disposto nos apartados 3 e 4 do artigo 29 da Lei 5/2011, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, que resulta de aplicación por mor do establecido na súa disposición adicional 2<sup>a</sup>. Así, a cesión gratuítase á condición ou cláusula modal de afectación permanente da parcela e do inmoble ao uso dotacional previsto neste convenio marco, de proceder á edificación dun novo Hospital no Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña. Faise expresa exclusión das previsións contidas no artigo 111.2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/86 de 13 de xuño, sen someter, por tanto, a cláusula modal á limitación temporal de 30 anos. Así mesmo, deberá procederse a modificar a cualificación urbanística actual da citada parcela de equipamento de continxencia público "EQ (Pb)" (dotacional múltiple segundo o regulamento de Lei do Solo de Galicia), pasando á Sanitaria "SN (Pb)", de titularidade do Servizo Galego de Saúde. Igualmente, o dito cambio de cualificación urbanística poderá realizala o Proxecto Sectorial de Incidencia Supramunicipal.
2. Facilitar á Xunta de Galicia toda a documentación que sexa necesaria para a redacción do proxecto de obras (cartografía, información urbanística, características das redes e infraestruturas existentes, etc), da que o Concello disponha.
3. Impulsar a tramitación das licencias e demais permisos urbanísticos ou de obras que, no seu caso, sexan necesarios para a execución destas actuacións e posta en funcionamento dos servizos.
4. O Concello da Coruña asumirá os gastos necesarios para completar todas as infraestruturas necesarias e que actualmente existen, exteriores ao

recinto hospitalario proxectado e non contempladas nas cláusulas anteriores, tales como abastecemento de auga, saneamento, subministración eléctrica e de gas, alumeadoo, telefonía, etc. nas condicións precisas de acordo coa demanda que a execución destas actuacións fagan preciso. A execución de ditas infraestruturas deberá concluír con anterioridade á finalización das obras de construcción do novo hospital co obxecto de garantir a súa posta en funcionamento.

A tales efectos, incluirase nun plano anexo a este convenio marco ou os que o desenvolvan e no ámbito do proxecto sectorial, tanto as infraestruturas e servizos existentes coma os novos trazados necesarios para conexión, reforzo ou ampliación dos servizos e infraestruturas.

5. Levará a cabo as actuacións necesarias para dotar ao hospital de todos os servizos públicos relacionados co mesmo, incluíndo entre eles o transporte público ao Hospital ou aparcamentos disuasorios que se consideren necesarios, e porá a disposición do Servizo Galego de Saúde a posibilidade de utilizar o circuíto de recollida de lixo municipal co custo establecido para o propio Concello, sen prexuízo das competencias e obrigas propias do Servizo Galego de Saúde na recollida específica dos residuos hospitalarios.
6. Comprométese a regular nas ordenanzas fiscais os aspectos substantivos e formais da exención que se establecerá en favor dos centros sanitarios de titularidade publica, da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Servizo Galego de Saúde, do pagamento do imposto sobre bens inmóbiles, por estar directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros, de conformidade co previsto no artigo 62.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como de calquera tipo de taxas e prezos públicos que non se correspondan con servizos que se prestan de xeito continuado, sempre que así se admita na lexislación vixente no momento do devengo.
7. Segundo o sinalado na disposición adicional primeira da Lei 10/1995 de 23 de novembro, de Ordenación do Territorio as obras promovidas directamente pola Administración Pública ou os seus Organismos Autónomos previstas nun proxecto sectorial e cualificadas como de marcado carácter territorial

non estarán suxeitas á licenza urbanística municipal, polo que as obras obxecto deste convenio non estarán suxeitas a licenza municipal de obras, nin consecuentemente ás taxas urbanísticas nin ó imposto de construcións, instalacións e obras por estar comprendidas nun proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de marcado carácter territorial de promoción pública.

- 
8. Asumir a titularidade do viario que se execute no marco deste convenio, así como a súa conservación e explotación.
  9. Financiar individualmente ou en colaboración con outras entidades públicas:
    - A adquisición dos terreos necesarios para a materialización do novo recinto hospitalario.
    - A execución dos accesos dende a rede viaria de alta capacidade que se definan no Proxecto de Interese Autonómico así como do viario de servizo do recinto hospitalario, que en ambos casos tamén darán servizo ás áreas urbanizadas da contorna do hospital.

#### QUINTA. - Comisión de seguimiento, vixilancia e control

Constituirase unha comisión de seguimento coa natureza e finalidade establecidas no artigo 49.f) da Lei 40/2015 de Régime Xurídico do sector público, e especialmente para a coordinación e seguimento das diferentes actuacións a desenvolver, e que interprete e asegure o bo fin e cumprimento do obxecto deste Convenio así como que resolva as controversias xurdidas como consecuencia da execución deste.

A comisión estará formada por dous representantes de cada una das partes. A comisión reunirase por solicitude dunha das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos un dos representantes de cada entidad.

A Comisión asumirá, sen prexuízo das competencias que correspondan a cada unha das partes e, en particular, aos respectivos órganos de contratación, as seguintes funcións:

- a) Levar a cabo o seguimento das actuacións derivadas do presente Convenio Marco.
- b) Informar do contido tanto dos proxectos construtivos, e os seus correspondentes orzamentos.
- c) Promover a coordinación necesaria para a realización das distintas actuacións previstas , os estudos e proxectos, así como a execución das obras e o desenvolvemento de cantas accións se estimen necesarias e oportunas para a consecución dos obxectivos do Convenio Marco.
- d) Resolver as controversias que se susciten na interpretación do Convenio Marco.

#### **SEXTA.- Vixencia**

O presente Convenio marco producirá efectos dende o día da súa sinatura e estará vixente ata o estrito cumprimento de todos os seus termos, prevéndose a duración de catro anos podendo ser prorrogado por outros catro anos máis, por acordo das partes, antes da súa finalización.

#### **SÉTIMA.- Causas de resolución**

Serán causas de resolución do presente convenio, ademais das previstas legalmente, as que a continuación se establecen:

1. O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
2. O incumplimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.

Neste caso, calquera das partes poderá requerir á parte incumpridora para que subsane dito incumplimento no prazo que se lle indique ou, en ausencia do mesmo, no prazo de 30 días seguintes á data de recepción da notificación. Este requerimiento será comunicado á comisión de seguimento, vixilancia e control.

Se transcorrido o prazo indicado persistise o incumprimento, entenderase que concorre causa de resolución dando por resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá con levar a indemnización dos danos e perdas causados.

3. O mutuo acordo entre as partes.
4. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

#### OITAVA.-Carácter do convenio

O presente convenio marco ten carácter administrativo, sendo de aplicación o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De conformidade co disposto no artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o presente convenio marco está excluído da súa aplicación. Non obstante, consonte o artigo 4 da dita Lei, este convenio marco rexerase polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

A execución das actuacións previstas neste convenio marco requirirá a subscrición de convenios específicos de desenvolvemento, que se tramitarán segundo a súa normativa aplicable.

En todo caso, para a tramitación e formalización das aportacións económicas das Administracións asinantes, tendo en conta o Anexo que se xunta relativo á estimación económica das actuacións previstas para a execución das obras do novo hospital do complexo hospitalario universitario da Coruña e unha vez coñecidos con exactitude os custes das actuacións previstas no presente Convenio Marco, procederase a subscibir o convenio ou convenios correspondentes de acordo coa lexislación vixente na materia que comprenderá as obrigas que financeiramente deban asumir as respectivas Administracións e as súas contraprestacións.

## NOVENA.- Publicidade

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervenientes para que a Administración pública autonómica galega poda facer públicos os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo, e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo.

Así queda redactado o presente Convenio que, en proba de conformidade asinan os comparecentes, por triplicado exemplar no lugar e data indicados ao inicio.

Pola Xunta de Galicia

Dña. Ethel Vázquez Mourelle

Conselleira de Infraestruturas  
e Mobilidade

D. Julio García Comesaña

Conselleiro de Sanidade

Polo Concello da Coruña

Dña. Inés Rey García

Alcaldesa da Coruña



**ANEXO**

**ESTIMACIÓN ECONÓMICA AOS EFECTOS DO DISPOSTO NO ARTIGO 49.D DA LEI 40/2015 DETERMINANSE AS OBRIGAS E COMPROMISOS ECONOMICOS ASUMIDOS POR CADA UNHA DAS PARTES POLAS ANUALIDADES QUE COMPRENDE A SUA DISTRIBUCION TEMPORAL E SEN PREXUICIO DO REAXUSTE QUE POIDA DERIVARSE NO PREVISTO NA LEXISLACIÓN PRESUPUESARIA E RESTANTE NORMATIVA DE APLICACION DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO NOVO HOSPITAL DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA**

De conformidade coas cláusulas recollidas no convenio marco e as distintas actuacións previstas para a execución das obras do Novo Hospital do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, establecese a continuación unha valoración económica estimativa das mesmas:

1.- Segundo o **Plan Funcional e Plan de Espazos para o Complexo Hospitalario Universitario da Coruña** e os **traballoos previos** necesarios antes do inicio das obras do Novo Hospital así como a **previsión de aparcamentos disuasorios, os investimentoos reais** previstos á data da sinatura deste Convenio Marco para a execución do proxecto que asume a Xunta de Galicia, estímanse en:

ACTUACIÓN	INVESTIMENTO ESTIMADO	PREVISIÓN DE ANUALIDADES
Obras da fase 0 do plan director do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.	13,08M€	2021-principios de 2022
Redacción dos documentos técnicos urbanísticos, proxectos básicos e de execución do Novo Recinto hospitalario, proxecto construtivo dos viais e asistencias técnicas necesarias para desenvolver as obras	7,45 M€	2021-2023 para os documentos urbanísticos e proxectos básicos e de execución e proxectos de execución de obras 2022-2027 asistencias técnicas para desenvolver todas as obras e as súas fases correspondentes
Traballoos previos e demolicións	10,46 M€	2022-2023
Urbanización e accesibilidade	33,40 M€	2023-2026





Equipamentos e instalación tecnolóxicas	100,00 M€	Dende o ano 2021
Obras novo hospital	264 M€	Dende o ano 2023 coa posta en servizo por <b>fases</b>
Aparcadoiros disuasorios	3 M€	2022-2023
<b>TOTAIS</b>	<b>431,39 M€</b>	

2.- Segundo o Estudo previo da **mobilidade viaria** na contorna do CHUAC vixente á data da sinatura do convenio, de clave CLAVE: AC/19/103.09, o investimento para a execución dos accesos viarios a asumir polo Concello da Coruña, estímase en:

ACTUACIÓN	INVESTIMENTO ESTIMADO	PREVISION DE ANUALIDADES
<b>Accesos viarios</b> ao Novo CHUAC e Eirís que pasarán a formar parte da malla viaria da cidade	10,22M€	2023-2026

3 - O custo da adquisición, mediante **expropiación, dos terreos necesarios para o desenvolvemento do novo recinto hospitalario na cidade**, a asumir polo Concello da Coruña, estímase en:

ACTUACIÓN	INVESTIMENTO ESTIMADO	PREVISION DE ANUALIDADES
<b>Adquisición de terreos para</b> ao Novo CHUAC e posta á disposición do Sergas	12,00M€	2022-2024

4.- Os custos dos **servizos municipais básicos necesarios** para a entrada en funcionamento do Novo Hospital Público da Coruña, a asumir polo Concello da Coruña, estímase en:

ACTUACIÓN	INVESTIMENTO ESTIMADO	PREVISION DE ANUALIDADES
Abastecemento de auga, saneamento, subministración eléctrica e de gas, alumeadoo, telefonía, recollida de lixo, conexións de transporte público	1.800.000 €	Acompasarase ao ritmo de execución do proxecto segundo o disposto no propio convenio

5.- Cesión da parcela municipal con fronte nas rúas Curramontes e Inés De Ben

ACTUACIÓN	INVESTIMENTO ESTIMADO	PREVISION DE ANUALIDADES
Cesión da parcela municipal	2.324.169,08 €	2021

6.- A **exención do Imposto de Bens Inmobilés** e demais taxas aplicables para esta infraestrutura hospitalaria, a assumir polo Concello da Coruña, estímase en:

ACTUACIÓN	IMPORTE ESTIMADO	PREVISION DE ANUALIDADES
Exención do IBI e outras taxas	€	Durante a vida útil do novo hospital







Área de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade  
Dirección de Urbanismo  
Servizo de Planeamento e Xestión do Solo  
Departamento de Planeamento  
63115I003L 631/2021/27  
Exp.: CUP- 1/21

## PETICIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Que pola xefa da Oficina Técnica de Planeamento, Rosario Sancho Castro, se redacte, con carácter urgente, o documento de cambio de uso na parcela á que fai referencia o Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello polo que se establecen as bases para a execución das obras do novo hospital do complexo hospitalario universitario A Coruña (CHUAC).

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

Xefe Departamento de Planeamento